

Luns, de xuño do 2012

Categorías

Seccións

## Un paxaro de ferro atravesa Galiza no novo libro de Ramón Loureiro



A oca de Leonardo é a segunda colaboración entre Ramón Loureiro e Xaquín Marín

"A oca de Leonardo", que así se chama a última obra do escritor [Ramón Loureiro](#) e do ilustrador [Xaquín Marín](#), conta como o Vizconde de Chateaubriand chega a Galiza no outono de hai douscentos anos a bordo dun vehículo estrano. Poderemos gozar deste conto a partir de mediados de mes, cando se presente ao público como se fará o día 17 en Ferrol. A composición deste libro non é casual, xa que ambos os dous autores publicaron anteriormente "O peixe de pedra".

[06/10/2006 14:46]

Esta nova colaboración narra a viaxe imaxinaria de Chateaubriand, que se encontra de romaría en Terra Santa e decide aproveitar uns días de descanso na súa peregrinación para probar un agasallo de Napoleón Bonaparte: unha máquina voadora con forma de oca seguindo uns planos atribuídos a Leonardo da Vinci. A bordo deste paxaro de ferro, o Vizconde pasará polo Cairo, Venecia e París, para voar logo até Galiza que, grazas a el terá a posibilidade de ver cruzar os ceos a un aeroplano moito antes de que oficialmente a aviación se inventase, contan os autores. A dita obra presentárase o próximo día 17 na sala Toxos e Flores de Ferrol ás oito da tarde. Ademais, "A oca de Leonardo" será dada a coñecer tamén en Mondoñedo.

No que atinxe aos autores, dicir Xaquín Marín exerce como debuxante desde fai máis de medio século, tempo no que compuxo unha importante obra como humorista gráfico, ilustrador e cartelista. É tamén director, ademais de fundador, do [Museo do Humor de Fene](#). Del son os cómics [Ratas](#), [Gaspariño](#) e [Dos pés á testa](#), ademais de ter editado diversos libros e colaborado noutras tantas publicacións, desde Chan, Teima ou [A Nosa Terra](#), a [El Ideal Gallego](#), [La voz de Galicia](#) ou [La Codorniz](#) e [Hermano Lobo](#).

Pola súa banda, o escritor e xornalista de Sillobre Ramón Loureiro, conta cunha importante obra tamén no campo da fotografía e publicou o seu primeiro traballo narrativo, a novela curta *Morgado*, en 1997. Publicou ademais *O corazón portugués*, coa que foi finalista do Premio Carlos Blanco de Narrativa Galega e Portuguesa.

[Reportaxes](#) | [Foros](#) | [O marcador](#) | [Axenda deportiva](#) | [Galerías fotográficas](#) | [Ligazóns](#) |